

**ENCUNTRO** ■ Allariz e Ourense acollen ata o vindeiro luns a 60 escritores de Euscadi, Galicia e Cataluña que participarán en mostras, recitais e concertos

# Galeusca analiza mañá o eixo entre cidade e literatura

Volve a posta en común, que o mundo das letras de Galicia, Euscadi e Cataluña fan cada ano. O Congreso Galeusca tomará esta vez como escenarios, os marcos galegos de Ourense e Allariz, que acollen esta fin de semana a análise sobre a relación entre cidade e literatura.

O secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELGAL) organizadora do congreso, Carlos Negro, participou na presentación do encontro de escritores galegos, cataláns e vascos e indicou que tras a inauguración mañá pola tarde no liceo de Ourense, as sesións conxuntas se celebrarán nas mañás de sábado, domingo e

luns. A conferencia inaugural correrá a cargo de Marcos Valcárcel, quen falará de Ourense como universo literario, na que se explicará, segundo Negro, o valor desta cidade “como espazo para os sonhos dos escritores e escritores de Galicia”.

“As actividades académicas do congreso se centrarán noutros tres temas de debate, como a presenza das cidades galegas, catalás e vascas nas obras literarias, e despois se fará unha viaxe máis exótica para coñecer a visión doutras cidades do mundo desde as tres literaturas reunidas”, apuntou.

O terceiro tema, que se debaterá na reunión do luns pola mañá, será, se-

gundo Carlos Negro, “o das cidades intanxibles e soñadas, aquelas construídas polos escritores coa forza do seu desexo e inquedaanza”.

Nas mesas de debate, que se celebrarán de forma alternativa en Ourense e Allariz, participarán, entre os escritores galegos, Antón Lopo, Fran Alonso, Marga Do Val, Miguel-Anxo Murado, Olga Novo, Pilar Pallarés, Delfín Caseiro e Xavier Queipo entre outros.

Os escritores en lingua catalá e vasca estarán representados, entre outros, polos respectivos presidentes das asociacións equivalentes a AELGAL, Jaume Pérez Montaner e Isabel Millet,

ademais de Isidre Grau, Teresa Pascual, Lluís Alper, Miquel Desclot, María Fullana e Joan Agut, entre os cataláns, e Urtzi Urrutikoetxea, David Tijero, Jon Abril, Tere Irastortza, Gerardo Markuleta e Julen Gabiria, entre os vascos.

## **Celebrarase unha homenaxe ó poeta ourensán Antón Tovar**

Ademais das mesas de debate e conferencias, o programa do congreso inclúe, segundo indicou o presidente de AELGAL, Euloxio Ruibal, a inauguración no museo municipal de Allariz, dunha exposición fotográfico-poética que fai un percorrido histórico por esta vila, así como un recital poético, unha homenaxe ó poeta ourensán falecido este ano Antón Tovar, un concerto de jazz e un percorrido pola ruta literaria do libro *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor en Ourense.

Os 60 participantes no congreso poderán visitar unha mostra bibliográfica sobre os autores do colectivo e outra sobre a relación entre a fotografía e a literatura. ● maré